

O entroido en Galicia

O Entroido é a festa na que os costumes se relaxan, os roles invértense e un pode rirse de todo.

É unha celebración de longa tradición popular, sobre todo na provincia de Ourense, non hai que esquecer que Galicia foi unha das poucas zonas de España que continuou celebrando o Entroido malia a prohibición.

Acompáñase sempre dunha boa mesa. Unha cociña de succulentos pratos, perfecta para reparar forzas, que ten como protagonista ao porco e de acompañantes ás patacas, os grelos e os garavanzos. De sobremesa, "filloas", "orellas", "bica" ...

A xente disfrázase do que quere, pero en moitos lugares teñen uns traxes ou personaxes propios.

Cigarróns en Verín

O traxe que levan pesa sobre 25 quilos e co látego van dando lategazos á xente que non manteña a orde nas festas. Os días nos que saen son os xoves e os domingos.

Peliqueiros en Laza

Este raro personaxe ven da cultura celta. Acostuman ter na máscara un debuxo dun león, dun boi ou un lobo. Eles tamén levan látigos para darlle a xente que non teña orde nas festas.

Pantallas en Xinzo de Limia

As pantallas son as que se encargan da orde e da limpeza do entroido de Limia. Saen á rúa para chamar aos veciños.

Merdeiro de Vigo

Vestirse no entroido de merdeiro era un costume típico entre os mariñeiros da ribeira viguesa. O seu obxectivo era amolar á xente, guindándolles ás súas vítimas restos de peixes podrecidos.

Xenerais da Ulla

Os personaxes máis importantes son os xenerais e correos a cabalo, que percorren as parroquias ao longo do día dando vivas a veciños e visitantes, acompañados dun "exército" de abandeirados, coros, comparsas e parrandas.

Rematan escenificando un enfrontamento de palabra por parellas, aproveitado para facer burla e sátira de asuntos locais, de política ou do corazón, acontecidos durante o ano.

Oso de Salcedo

Celebra o comezo da primavera, remedando o momento no que o oso sae da súa oseira trala hibernación. A máscara, un veciño disfrazado con peles de animal, a semellanza dun oso, percorre as rúas e corredoiras de Salcedo na compañía de "criados", asustando os viandantes, ós que intenta manchar coas poutas cheas de feluxe.

Madamas e Galáns de Cobres

De sábado a martes, dende as dez da mañá ata que se pon o sol Madamas e Galáns percorren distintos lugares da parroquia acompañados por unha charanga e agasallan aos presentes cos seus bailes.

Troteiros de Bande

O nome provén de trouleo ou trote. Visten cunha camisa branca e unha capa (ás veces simplemente envólvense cunha saba ou un cobertor), levan unhas polainas de coiro e uns zapatos negros. No chapeu levan postais e espellos, cos que se protexen do mal de ollo e outros perigos. Ademais de cubrir a cara con tapetes bordados gozan do privilexio da inmunidade, polo que aproveitan estas datas para facer múltiples fechorías, sempre en ton de humor. Acompáñanse dunha vara que utilizan mentres corren polos camiños meténdose coa xente.

Debuxa ou pega unha imaxe e pon o nome dos personaxes do Entroido galego.


Sitúa no mapa de Galicia a túa localidade e tamén os principais entroidos.



En que provincia atopamos os entroidos máis coñecidos? _____

Completa o encrucillado.

9



1. Máscara con traxe feito de pelicas que sae polo Entroido na vila ourensá de Laza.
2. Localidade da provincia de Ourense na que as persoas disfrazadas levan un pano tapándolles a cara.
3. Personaxe típico de Bande.
4. Personaxe do Entroido de Verín.
5. Provincia galega na que se celebra máis o Entroido.
6. Personaxes que van disfrazados coma se fosen militares e se desplazan a cabalo.
7. Personaxe feminino da provincia de Pontevedra.
8. Personaxe que representa un animal.
9. Festa na que os costumes se relaxan, os roles se invirten e un pode rirse de todo.

Busca 5 palabras relacionadas co Entroido.

O	D	I	S	F	R	A	Z	F	V	B
R	V	O	M	A	O	L	L	I	F	N
E	G	L	M	N	R	T	S	X	I	O
L	A	S	D	R	T	U	I	O	G	P
L	E	R	T	U	I	N	M	E	L	L
A	D	G	F	C	V	R	T	I	U	O
S	S	R	T	U	G	A	B	C	V	X
Z	T	R	O	U	L	A	E	T	Z	C